



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Oferta de emprego público Concello de Arzúa para o ano 2025

ANUNCIO

Oferta de emprego público Concello de Arzúa para o ano 2025//Expediente: 2025/E003/000001.

Na Xunta de Goberno Local do Concello de Arzúa do 12 de setembro de 2025 aprobouse a oferta de emprego público para o ano 2025, coa especificación das prazas que se indican a seguir, xunto coa súa denominación e clasificación:

PERSOAL FUNCIONARIO

Prazas	Código/Denominación do posto	Grupo/Subgrupo	Escala/Subescala	Forma de Acceso
1	3101/ Técnico de Xestión	A/A-2	Administración Xeral/ Técnica	Libre

PERSOAL LABORAL FIXO

Prazas	Código/Denominación do posto	Grupo	Forma de Acceso
1	1005A/Auxiliar administrativo	IV	Libre

O anterior publícase en cumprimento do ordenado no acordo de aprobación desta oferta.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, consonte ao disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contencioso-administrativa.

No caso de interporse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes, segundo establece o artigo 124.2 da devandita Lei 39/2015, e entenderase desestimado polo transcurso do dito prazo sen resolución expresa notificada, poderán entón as persoas interesadas interpor recurso contencioso-administrativo, consonte o establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpor calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren procedente conforme a Dereito.

Arzúa, a 16.09.2025

Alcalde-Presidente

Xoan Xesús Carril Ramos.

2025/6058